

Retribución de directivos y crisis económica

ICÍAR ALZAGA RUIZ
Cizur Menor (Navarra): Civitas-Thomson-Reuters. 2012
[288 páxinas]

RECIBIDO: 17 de xaneiro de 2013 / ACEPTADO: 4 de abril de 2013

A separación existente entre propiedade e xestión da empresa fai que os intereses dos executivos non coincidan necesariamente cos intereses dos propietarios. Estes últimos non poden avaliar se as decisións que se toman na empresa son as máis adecuadas para maximizar a súa riqueza debido á asimetría informativa. Por iso, en lugar de retribuír aos directivos cun salario fixo, as compañías optaron por ligar a remuneración dos directivos aos resultados obtidos pola empresa.

Non obstante, os grandes escándalos contables de finais do século XX (Enron, WorldCom, entre outros) e máis aínda a crise económica e financeira actual, durante a cal algúns xestores percibiron remuneracións moi elevadas e non acordos co desempeño da compañía, puxeron de manifesto que o conflito de intereses entre propietarios e xestores non puido ser resolto polos existentes sistemas de remuneración. Neste contexto, o libro *Retribución de directivos y crisis económica* da profesora Alzaga Ruíz é de notable interese para coñecer tanto o impacto da crise nos sistemas retributivos dos xestores das empresas como as últimas tendencias nos seus réximes salariais. Deste modo, o libro realiza un percorrido teórico a través de lexislación que regula as diferentes formas de retribución dos directivos.

No primeiro capítulo analízase a normativa, tanto nacional coma comunitaria, que xurdiu nos últimos anos a raíz do *gap* de intereses entre accionistas e xestores posto de manifesto pola crise. A mencionada normativa céntrase nos salarios dos directivos das entidades financeiras, en concreto nos daquelas que recibiron axudas públicas, cuxa desregulación salarial é considerada unha das causas da crise do sistema financeiro.

No capítulo segundo realízase un estudo do salario, analizando a súa estrutura, os diferentes compoñentes retributivos e as percepcións económicas de natureza extrasalarial, coma as indemnizacións.

No terceiro capítulo trátase o salario en diñeiro, analizando tanto o seu compoñente fixo coma o variable e, dentro deste, as súas diferentes modalidades: bonus, participación en beneficios...

O cuarto e último capítulo, o máis extenso do libro, contén un estudo en profundidade da retribución en especie, centrándose en concreto nas opcións sobre accións, tema sobre o cal a profesora Alzaga é unha acreditada especialista. Ademais, neste capítulo trátanse outras modalidades de remuneración, como o son aquelas máis tradicionais consistentes en bens de consumo: vivenda, vehículo,

viaxes..., realizándose tamén un estudo das tendencias máis actuais, como os *warrants* ou os *Phantom Plans*.

En definitiva, o libro que se presenta é de sumo interese por tratar un tema moi actual no contexto económico no que nos atopamos, que é tratado con rigor e profundidade, proporcionándolle ao lector un coñecemento axeitado sobre a situación actual dos sistemas retributivos das cúpulas directivas das empresas españolas.

ÓSCAR SUÁREZ FERNÁNDEZ
Universidade de Santiago de Compostela